

## Anuncio

### **LICITACIÓN**

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2014, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTENEMENTO E CONSERVACIÓN DE ESPAZOS VERDES PÚBLICOS DO CONCELLO DE LUGO (PLAN MELLORA LUGO 2014).

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme ás seguintes características:

#### **1.- Entidade adxudicadora.**

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

#### **2.- Obxecto do contrato.**

a) **Descripción do obxecto:** A prestación do servizo de mantemento e conservación de espazos verdes públicos do Concello de Lugo, todo elo de acordo coas condicións técnicas elaboradas polo técnico municipal de Parques e Xardíns.

b) **Prazo de execución:** A duración do contrato será de SEIS MESES a contar dende a data de inicio do servizo que se levantarán nun prazo máximo de un mes dende a formalización do contrato administrativo.

#### **3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimiento:** aberto

#### **4.- Tipo de licitación**

a) **Orzamento máximo do Contrato:** o valor estimado do contrato ascende á cantidade de 70.247,93 euros, polo que tendo en conta o IVE (21%): 14.752,07 euros, o prezo máximo do contrato será de **85.000 EUROS**, IVE incluído.

#### **5.- Garantías:**

a) **Provisional:** non se esixe

b) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluido o IVE,

#### **6. Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-86.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** [www.lugo.es](http://www.lugo.es) (Zona de servicios: perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

#### **7.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

#### **c) Lugar de presentación:**

1<sup>a</sup> **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos.

2<sup>a</sup> **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3<sup>a</sup> **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

#### **8.- Apertura das ofertas.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3<sup>a</sup> Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

**9.- Outras informacions:** As que se recollen no prego de condicións.

**10.- Gastos dos anuncios:** 134,68 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 3 de novembro de 2014.- A OITAVA TENENTE DE ALCALDE EN SUBSTITUCIÓN DA TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN. Rosana Rielo Rozas

R. 4435

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

Consta neste Concello folla de inscrición no Padrón municipal de habitantes de **Dª LEONOR ROMERO ROMERO na Rúa Eduardo Pondal núm. 1 piso 4º B** desta cidade.

Intentada a notificación de requeremento de subsanación de deficiencias, non se pudo efectuar por non poderse localizar á/ao interesada/o.

En cumplimento do disposto na Resolución de 9 de Abril de 1.997, pola que se dictan intruccións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón Municipal, e o artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselle o texto íntegro da devandita notificación, advertíndolle de que se transcorrese o prazo de dez días, a partir do seguinte ao da publicación deste edicto no boletín oficial da provincia, sen antender este requeremento, considerarase realizado o trámite cos efectos que en dita notificación se indican.

**Texto da notificación:**

“Ten Vde. presentada unha folla de inscrición para ser empadroada na vivenda sita no **número 1 da Rúa Eduardo Pondal, piso 4º-B, desta cidade.**

Naquel momento, advertírase de que faltaba na folla a firma de José Romero Romero como persoa que figura anteriormente inscrita no domicilio e a copia do seu DNI.

Como ata o día de hoxe non subsanou dita deficiencia, comunícaselle que dispón dun prazo de **DEZ DÍAS**, contados a partir do seguinte ao da recepción deste escrito, para presentarse nas oficinas do Padrón de Habitantes deste Concello coa documentación que se cita no parágrafo anterior. Caso de non facelo, consideraráse que desiste da pretensión do empadroamento na vivenda citada.-Monforte de Lemos, a 15 de setembro de 2014.-O SECRETARIO,.-(José Mª Baños Campo)”

Monforte de Lemos, a 10 de Novembro de 2014.- O ALCALDE, (Severino Rodríguez Díaz) EXEMPLAR PARA O BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA

R. 4436

### *Anuncio*

Neste concello tramítase expediente **de referencia IA.914-117, para xestión das duplicidades de inscripcións nos padróns de habitantes do concello de Monforte de Lemos e dos Consulados que se citan (P.E.R.E.). Ditas duplicidades foron comunicadas polo INE.**

Intentada a notificación de tal circunstancia á persoa que se cita, a efectos de manifestar qué inscrición debe manterse, non se pudo efectuar por non poderse localizar ao interesado.

En cumplimento do disposto na Resolución de 9 de Abril de 1.997, pola que se dictan intruccións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón Municipal, e o artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, públicase o contido íntegro da citada notificación, comunicándolle que de non efectuar alegación algúnhha en contra, causará baixa no Padrón de Habitantes deste concello:

“Asunto.: Com. Duplicidade empadronamento.-Nº. Refª.:IA.914-117.-Polo Instituto Nacional de Estatística comunicouse a este Concello que figura Vde. no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello e no PERE (Padrón de españois residentes no estranjeiro) no consulado que se cita máis abaixo.-En cumprimento do disposto na Resolución conxunta da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e do Director Xeral de Cooperación Territorial, de data 9 de Abril de 1.997, pola que se dictan instruccións técnicas ós Concellos sobre xestión e revisión do Padrón Municipal, requíreselle para que no prazo de **DEZ DÍAS**, contados a partir da recepción deste escrito, comunique a **este Concello** cal é a inscrición correcta utilizando o modelo que se acompaña, o cal terá que asinar xuntando a copia do seu documento de identidade.

**INSCRIPCIÓN QUE SE CITAN:**

1.-NOME E APELIDOS: **RAIMUNDO DÍAZ GARCÍA**  
 D.N.I: **34122362-E**/Data Nacemento: **05/06/1935**  
 MUNICIPIO/PROVINCIA: **MONFORTE DE LEMOS-(LUGO)**  
 ENDEREZO: **RÚA REBOREDO 57-1º**